



OBRADOIROS DE CREATIVIDADE NA REDE

NOVEMBRO - DECEMBRO 2013

Achegámonos ao final de ano, e da man do **Clube Pequeamigos da Rede** repasamos o escrito nos últimos meses; páxinas de creatividade, de expresión, de diversión e de descubrimento na **Rede Museística de Lugo**.

A programación outonal que se presenta para os meses de novembro e decembro de 2013 é unha proposta reformada e aberta, conformada por diversos obradoiros, cos que se pretenden xerar un acercamento das nenas e dos nenos ao museo e as súas coleccións, entendendo cada obradoiro como unha experiencia vivencial e enriquecedora en sí mesma.

Dende a Rede Museística Provincial de Lugo apostamos por acercarnos ás comunidades do noso contorno co fin de que atopen nos nosos museos unha oportunidade para o diálogo e a colaboración. Queremos capacitar ás xeracións máis novas a acceder aos museos de maneira autónoma, a aprender das coleccións, que valoren, respeten e defendan o valor da cultura e o valor do noso patrimonio como medio e ferramenta para a construción de sociedades máis xustas, solidarias e libres.

PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición estará aberto do **xoves 24 ao mércores 30 de outubro**. A adxudicación de praza comunicarase o **xoves 31 de outubro** vía e-mail. So se poderá participar nun obradoiro, debendo elixir entre os martes, xoves ou un sábado. Na matrícula poderase marcar varias opcións, por orde de preferencia. No caso de non cubrirse todas as prazas poderase optar a outros obradoiros. A reserva de praza realizarase por estricto orde de inscrición, sendo obrigatorio a sinatura e presentación das mesmas no Departamento Didáctico do Museo Provincial de Lugo.



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR

»MARTES DE CREATIVIDADE

» Deconstruír a Arte

Todos os martes do 5 de novembro ao 17 de decembro de 2013

A través dunha selección de obras de arte, imos a analizar cómo están feitas: formas, cores, e sensacións que nos producen, para a continuación construír novas ideas e pezas. Deconstruír a arte como acto creativo.

- De 4 a 8 anos
- De 18:00 a 19:30 horas
- Nº prazas: 20

XOVES DE CREATIVIDADE

» TIC-TAC Novas Tecnoloxías

Do 7 de novembro ao 19 de decembro de 2013

Achegarémonos ao mundo das novas tecnoloxías cun programa eminentemente práctico: animación, blogs, páxinas web, aplicacións para móbiles e programas de radio serán algúns dos aspectos sobre os que traballaremos e aprenderemos de maneira divertida.

- De 17:15 a 18:15 de 12 a 14 anos
- De 18:30 a 19:30 de 9 a 11 anos
- Nº prazas: 10/grupo

SÁBADOS DE CREATIVIDADE

» Arquitecturas soñadas. Comunidades do futuro.

9 Novembro e 21 Decembro de 2013.

Adentarámonos no mundo da arte dende a arquitectura, adoptando unha nova perspectiva: ángulos prohibidos, descoñecidos e soñados. En esencia, unha maneira divertida e creativa de ver o mundo.

- De 4 a 12 anos
- De 12:00 a 13:30
- Nº prazas: 20

» Deseños de Cerámica

16 de novembro de 2013

Veremos a evolución da cerámica presente no museo; dende pezas da prehistoria ata pezas da colección de Sargadelos, converténdonos en deseñadores.

- De 8 a 12 anos
- De 12:00 a 13:30 horas
- Nº prazas: 20

» Iniciación ao Gravado

23 de Novembro de 2013

Da man dos gravadores presentes nas salas do museo, coñeceremos as técnicas e ferramentas de gravado e teremos unha experiencia práctica facendo unha estampación en linóleo.

- De 8 a 12 anos
- De 12 a 13:30 horas



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR

- Nº prazas: 20

» **Monicreques**

30 de novembro de 2013

Con paos, teas e fíos converterémonos en titiriteiros, creando a Francis, a mascota do Museo provincial de Lugo que ten moitas historias que contarnos.

- De 4 a 7 anos
- De 12:00 a 13:30
- Nº prazas: 20

» **A máquina do tempo**

7 de decembro de 2013

Percorreremos a evolución da ourivería, descubriendo xoias que marcan distintas épocas e realizaremos a nosa propia composición.

- De 8 a 12 anos
- De 12:00 a 13:30 horas
- Nº prazas: 20

» **Molde-ARTE**

14 de decembro de 2013

Realizaremos diversas figuras e formas empregando diferentes tipos de materiais (barro, pasta de modelar) e ferramentas (espátulas, as propias mans, etc.)

- De 8 a 12 anos
- De 12:00 a 13:30 horas
- Nº prazas: 20

» **A Peza adoptada**

Todos os sábados de novembro e decembro

É unha proposta didáctica **deseñada para familias**. O obxectivo que se pretende é dobre; por unha banda o **achegamento ás coleccións** dos museos que integran a rede museística e por outro lado, ofrecer unha ferramenta que dote de **autonomía** ás familias para visitar o museo. Para isto poñemos a disposición das familias un material elaborado para esta actividade que se poderá obter na recepción dos catro museos. A actividade integra formación e motivación, interpretación e diversión, coñecemento e creación.

- De 3 a 16 anos
- A partir das 13:00 horas
- Nº prazas: sen límite.

